

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 15 DE SETEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día quince de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa dona María Dolores Pan Lesta.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de setembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 8 de setembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos tres membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Daniel Mallo Castro) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 9 de setembro de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica do COVID-19 na comarca da Coruña. (Diario Oficial de Galicia número 183-Bis, do 9 de setembro de 2020).
- Orde do 9 de setembro de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (Diario Oficial de Galicia número 183-Bis, do 9 de setembro de 2020).
- Resolución do 31 de agosto de 2020, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á

mobilidade eficiente e sustentable (programa MOVES II), anualidade 2020. (Diario Oficial de Galicia número 184, do 10 de setembro de 2020).

- Orde do 10 de setembro de 2020, da Consellería de Sanidade, sobre modificación de determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade. (Diario Oficial de Galicia número 185, do 11 de setembro de 2020).

- Resolución do 1 de setembro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020. (Diario Oficial de Galicia número 185, do 11 de setembro de 2020).

Concédesse ao Concello de Cambre o importe de 11.000 euros.

- Resolución do 10 de setembro de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de derogación do Real decreto-lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 243, do 11 de setembro de 2020).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1269/2020 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 1289/2020, segundo se relacionan a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1269/2020	04-09-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 8 de setembro de 2020
1270/2020	04-09-2020	Convenios de colaboración con empresas para realización de prácticas el alumnado del curso "Soldadura Electrodo e TIG". Plan AFD 2019/20
1271/2020	04-09-2020	Contratación a 10de10 Soluciones Acertadas, S.L., para a actuación de Belém Tajés
1272/2020	07-09-2020	Concesión axuda emerxencia social aluguer a J.C.G.A. por importe de 420 euros
1273/2020	07-09-2020	Expediente sancionador por instalación de terraza en local sito na rúa Ánxel Fole, O Temple. Propiedade: S.C.L.
1274/2020	07-09-2020	Aprobación da actividade e do gasto do traslado de alimentos do programa FEAD para as persoas máis desfavorecidas á despensa municipal de alimentos do Concello de Cambre 2021 - 2024
1275/2020	07-09-2020	Aprobación do proxecto "Proxecto básico e de execución de gradas cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo, no Lugar de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Pousadoira, 14. Cambre. Agosto 2020"
1276/2020	08-09-2020	Reposición legalidade urbanística por exercicio de actividade en baixo sito na rúa Pintor Pablo Manzano. Usuario: Y.S.L.
1277/2020	08-09-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 79.573,76 euros
1278/2020	08-09-2020	Subministración luminarias campás leds para a pista do pavillón polideportivo Sofía Toro.
1279/2020	08-09-2020	Contratación para novo equipo aeroterminia Escola de Música de Cambre.
1280/2020	08-09-2020	Concesión axuda vale alimentos a B.B.R. por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
1281/2020	08-09-2020	Desistencia tarxeta estacionamento J.C.F.L.
1282/2020	08-09-2020	Contratación roza manual de terreo en pendente na zona oeste da Barcala
1283/2020	08-09-2020	Concesión axuda emerxencia social aluguer a M.T.P.M. por importe de 450 euros
1284/2020	09-09-2020	Contratación a Black Galicia (Iria Mejuto) para concerto musical 11/09/20
1285/2020	10-09-2020	Aprobación de certificación correspondentes á obra "Ampliación do saneamento no Vilar (Sigrás)- POS+ADICIONAL 1/2018, e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes ás facturas por importe total de 4491,69 euros, así como o seu pagamento
1286/2020	10-09-2020	Peche provisional no acceso da nova Biblioteca Central de Cambre
1287/2020	10-09-2020	Concesión axuda recibo aluguer a E.V.H.R. por importe de 400 euros
1288/2020	10-09-2020	Denegación axuda aluguer a M.N.P. por existir avalista no contrato de aluguer
1289/2020	10-09-2020	Denegación axudas recibos luz e auga a N.C.C. por estar os recibos xa pagados

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e seis minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López